


FICHA REPASO SOCIAIS TEMA 2. PARTE B



Begoña é moi amante do mar. Gústalle sair a navegar todos os veráns coa súa familia. Co seu veleiro, sulcan os mares e océanos. Este ano vai vivir unha gran aventura. En ocasións, Ángeles tamén adoita acompañalos, pero este ano por motivos de traballo non puido ir con eles.

Begoña bota moito de menos á súa amiga Ángeles. Por esa razón, mandalle un plano da súa viaxe e cóntalle a súa experiencia.

1.- Begoña quere que Ángeles adiviñe a onde foron co seu veleiro. Cóntalle que debe consultar o mapa e guiarse polas liñas que aparecen nel: as verticais son os paralelos e as horizontais, os meridianos.

a) Cres que ten razón? **Non**

b) Por qué? **Porque as liñas verticais son os meridianos e as horizontais os paralelos.**

2.- Begoña explícalle a Ángeles que o veleiro saíu desde o punto 40°N -0°. Despois de varios días en alta mar, chegaron ao punto 60°N – 40°. Necesitamos adiviñar en que dirección navegaron:

A Cara ao sur e ao Leste.

B Cara ao sur e ao Oeste.

C Cara ao Norte e ao Leste.

D Cara ao Norte e ao Oeste.

3.- Ángeles ten algunhas dificultades para entender o mapa que Begoña lle enviou. Por este motivo pídelo á súa amiga que lle explique cales son as principais liñas imaxinarias da Terra.


- O paralelo principal é o **Ecuador** ou paralelo 0°.
- O meridiano principal é o de **Greenwich** ou meridiano 0°.
- No Hemisferio sur tamén é importante o Trópico de **Capricornio**
- No Hemisferio Norte tamén é importante o Trópico de **Cáncer**
- Nos polos localizamos o Círculo Polar **Ártico** e o **Antártico**.

4.- Begoña fala tamén da diversa organización horaria mundial e como teñen que ir axustando o reloxo segundo a onde cheguen. ¿Cantos fusos horarios hai e porqué?

Hai 24 fusos horarios, un por cada hora do día, e resultan de dividir os 360º da esfera entre 24 horas, así cada 15º graos hai un fuso horario.

5.- O derradeiro punto da viaxe é a cidade de Nuuk, en Groenlandia (64ºN-50ºO). Como cres que debron facer co reloxo, adiantalo ou atrasalo e por que? Debera atrasalo pois esa cidade está cara ao Oeste.

6.- A propósito dos mapas, xurde unha dúbida, se alguén quixera coñecer os diferentes países do mundo e as súas capitais que elixiría:



-O Planisferio A porqué é un planisferio físico

-O Planisferio A porque é un planisferio político

-O planisferio B, porqué un planisferio físico

-O planisferio B, porque é un planisferio político

7.- Pero cando falan de mapas decátasne que aparecen unha serie de datos que necesitan unha explicación:

-¿Qué é a escala dun mapa? É a indicación da redución da superficie real ao mapa ou plano.

-¿Qué é a lenda dun mapa? ¿Qué son os ignos convencionais? A lenda é o conxunto de signos convencionais, e estes son os símbolos ou cores que identifican algo.

8.- Por último, Ángeles tamén reta a Begoña y dille que ten que adiviñar a que cidade de España viaxou ela, cando estaba en Madrid. Pero para eso debe acertar a distancia aproximada segundo este mapa e a súa escala:

A Coruña:540

Bilbao:360

Zaragoza:285

Valencia:350

Alicante:380

Sevilla:410



Ángeles afirma que la ciudad que visitó estaba a menos de 6 centenas de Km y a más de 53 decenas. Visitó A Coruña